

**Antes de ler o texto.**

Os maios celébranse, sobre todo, no sur de Galicia. No norte, son de destacar, sobre todo, os de Pontedeume e Viveiro. Celébranse onde vives ti? Víchelos ou participaches neles algunha vez? Se non os coñeces, le atentamente este texto.

Hai varias teorías para explicar a orixe da festa dos maios. Algúns pensan que naceu no Paleolítico e outros coidan que no Neolítico, cando apareceu a agricultura.

En calquera caso, o que si parece claro é que nun principio os maios naceron como un ritual para invocar dos deuses a protección dos produtos sementados na terra.

Trátase dun rito agrario, encamiñado a propiciar boas colleitas, un rito para favorecer a fecundidade da terra por medio da arte (maios), a música e a poesía (coplas). Por iso a festa celébrase na primavera, un tempo no que a terra empeza a espertar do seu longo sono invernal. Celébrase a despedida do inverno, o florecer das plantas e a chegada dos primeiros froitos.

Nos tempos modernos, os maios convertéronse en festas urbanas. Na maior parte dos casos é unha festa organizada polo concello dunha cidade ou vila.

Os maios constan de dúas partes:

– Por un lado, están os maios propiamente ditos, que son monumentos feitos cunha estrutura de madeira, que se reviste con brión, flores, carrabouxos... procurando empregar sempre elementos naturais.

– E, por outro lado, están as coplas. As coplas poden ter contido literario referente á primavera, pero o máis normal é que teñan un contido satírico referido a acontecementos recentes. Esta crítica céntrase na maioría das veces en asuntos locais, moi próximos á xente da vila na que os maios se celebran.

**En que etapas da Prehistoria pensan algúns que comezaron a celebrarse os maios?**

Algúns pensan que no Paleolítico e outros que no Neolítico.

**Que finalidade tiñan os maios na súa orixe?**

Os maios constitúen un rito agrario xa na súa orixe, e seica naceron como un ritual para invocar dos deuses a protección dos produtos sementados na terra.

**En que estación do ano se celebran? Por que?**

Na primavera, para celebrar a despedida do inverno, o florecer das plantas e a chegada dos primeiros froitos.

**Por que se di no texto que hoxe en día os maios se converteron en festas urbanas?**

Porque, na súa maior parte, hoxe en día é unha festa organizada polo concello dunha cidade ou vila.

**De cantas partes constan os maios?**

Constan de dúas partes:

- *Explica brevemente en que consiste cada unha delas.*

Por un lado, están os maios propiamente ditos —*monumentos* feitos cunha estrutura de madeira, que se reviste con adornos vexetais— e, por outro, as coplas (cancións).

**Que quere dicir que algunhas coplas teñen un carácter satírico?**

Quere dicir que pretenden criticar ou facer burla dalgúns acontecementos ou asuntos locais próximos á xente.

- *Sobre que outro tema adoitan escribirse esas composicións?*

Sobre a primavera.

**Ponlle un título apropiado ao texto.**

.....

Fai un debuxo dun maio. Podes ver imaxes en libros ou na rede.

Escoita esta canción: <https://youtu.be/mzZHGT28ZpA>

Como era economicamente a sociedade da que se fala? Pensas que se refire a unha época de abundancia? Que palabras escoitastes que che dean a resposta?

.....

.....

.....

.....

**Arrodea as palabras que descoñezas e procura o seu significado.**

<i>Aí vén o maio</i>	Cando eu me atopare	
<i>de frores cuberto ...</i>	de donos liberto	.....
Puxéronse á porta	i o pan non me quiten	
cantándome os nenos;	trabucos e préstemos,	.....
i os puchos furados	e como os do abade	
pra min estendendo,	frorezan meus eidos,	.....
pedíronme crocas	chegado habrá estonces	.....
dos meus castiñeiros.	o maio que eu quero ...	.....
		.....
Pasai, rapaciños,	Queredes castañas	
calados e quedos;	dos meus castiñeiros? ...	.....
que o que é polo de hoxe	Cantádeme un maio	
que darvos non teño.	sin bruxas nin demos;	.....
Eu sonvos o probe	un maio sin segas,	
do pobo gallego:	usuras nin preitos,	.....
pra min non hai maio,	sin quintas, nin portas,	
pra min sempre é inverno!	nin foros, nin cregos.	.....
		.....
<b>Manuel Curros Enríquez,</b>	<i>Aires da miña terra.</i>	

## Rodea os pronomes e clasifícaos no cadro:

demostrativos → verde posesivos → azul numerais → vermello

- Non leves o caldeiro grande, leva mellor este.
- Se ten rape da ría, póñame un.
- Estes son os meus rotuladores; os teus son eses.
- A miña casa está preto do colexio; e a túa?
- Onte fun pescar rinchas e collín unhas quince.

DEMOSTRATIVOS	POSESIVOS	NUMERAIS
Este, estes , eses	Meus, teus, miña, túa	Un, quince

## Nas seguintes oracións, subliña os eufemismos que atopas e escribe a correspondente palabra tabú.

- Teño que ir ao servizo un momento. ....váter, retrete.....
- Rosalía de Castro faleceu en Padrón en 1885. ....morreu.....
- O xuíz decretou a liberdade para os reclusos. ....presos, condenados.....
- O Goberno estableceu unha serie de axudas para xente sen recursos. ....pobre....

## Completa as seguintes palabras con s ou con x:

e**x**traterrestre      e**S**ixente      e**S**pertar      e**x**ótico  
é**x**ito      e**x**travagancia      e**S**tranxeiro      e**x**poñer  
e**x**actitude      e**S**tómago      e**X**tractor      e**S**traño

## Risca a opción incorrecta:

- Hai un ~~oso~~/oso precioso no zoo.
- Teño os ~~pes~~/pés tan fríos coma o xeo.
- Aquele verán ~~foa~~/foa animadísimo na vila.